

XUÑO DE 2020
www.oqueleo.com

Ler é un bo plan!

oqueleo

Nº 3



oqueleo



A miña gran obra

Poderás fabricar o teu propio libro de relatos. A continuación, explicámosche como facelo.

1. Os contos deben ter tres partes diferenciadas:
A **primeira** é o comezo ou introdución, onde se describen os personaxes, a acción e o lugar en que se desenvolve o relato.
A **segunda** é o nó, a parte onde o relato se complica e acontece algo interesante.
A **terceira** é o desenlace, momento en que se resolve o conflito da historia.
2. Por se non se che ocorren ideas, dámosche unha listaxe con algunhas suxestións para espertar a túa inspiración:
 - Atopan un **extraterrestre** no balcón.
 - Debaixo da cama hai unha porta que permite entrar a un **mundo máxico** e descoñecido.
 - Un **robot** aspiradora de intelixencia artificial co que conversan.
 - Reciben como herdanza dun familiar unha máquina que permite **viaxar no tempo**.
 - Descubren dentro dunha bolsa de ensalada un **personaxe** misterioso que coñece os segredos do mundo e da natureza.

1

Cando remates os contos, podes xuntalos todos nun libro. Mira a idea que che damos na seguinte páxina.

Ata os gatos van querer ler o teu libro!






Caixa libro

Imaxinas abrir unha caixa e que esta sexa, en realidade, un libro? Pois se queres unha igual, fíxate ben no que che imos contar.


Precisamos:

- 2 folios para a caixa
- Tesoiras
- Pegamento
- Lapis e rotuladores de cores
- Folios para as páxinas do libro


1. Para facer a caixa, **dobra** os folios seguindo as instrucións dos debuxos.
2. **Desarma** e **decora** a caixa antes de volver armala e apegala.



3. **Fabrica** un acordeón con follas do tamaño da caixa.
4. **Escribe** e **debuxa** o teu conto no acordeón que fabricaches.



5. **Apega** a última páxina no fondo da caixa. Na primeira debe estar a cuberta.



**Terás o teu libro gardado
na súa caixa coma
o tesouro máis valioso.**





Monstro enleado

Poderás fabricar o teu propio monstro para que o poñas onde máis che guste.

Precisamos:

- *La ou fío grosso*
- *Cola*
- *Bandexa de porexpán (a dos alimentos)*
- *Bolígrafo*
- *Ollos para actividades manuais*

1. **Mestura** nun recipiente dúas partes de cola por unha de auga.
2. **Pasa** o fío, ou a la, pola mestura e pono sobre a bandexa de *porexpán*.
3. Dálle ao teu monstro a **forma** que desexes.
4. Agora toca facerlle os ollos. Podes **apegarlle** os ollos ou facelos cortando dous círculos de papel e pintando neles un punto grosso.
5. **Déixao secar** e desapégao da bandexa.

3

Xa sabes onde o vas poñer? Ímosche dar unhas cantas ideas ben guapas:



Na porta do teu cuarto



Nun agasallo



Coma espantallo nun testo



Na túa mochila

Ocórreseche un lugar mellor?
Abofé que si!





Mensaxe embotellada

Non só os náufragos poden escribir e enviar mensaxes dentro de botellas. Intentaches algunha vez deixar algunha mensaxe nunha delas? Proba sorte con esta idea!


Precisamos:

- *Papel vexetal ou papel de forno*
- *Cola*
- *Folio e papel fino para escribir mensaxes*
- *Bolígrafo*

1. Fai sobre un folio un **modelo** coa forma dunha botella. Se queres que a botella sexa simétrica, podes dobrar o folio e debuxar só a metade da botella (é máis doado!).


2. **Pon** o modelo sobre o papel vexetal ou papel de forno, e repasa a silueta cun lapis. Repite o mesmo proceso para facer outra igual.

3. **Recórtaas** polo bordo.



4. **Apega** as dúas botellas polo bordo, deixando o colo da botella sen apegar para así poder introducir a mensaxe.

5. **Escribe** a túa mensaxe, **enrólaa** e **métea** na botella de papel.



**Envía as túas mensaxes
coma se foses o náufrago do sofá.**





Con coco e choco o ceo toco!

Galletiñas de chocolate e coco de fácil elaboración. Que pode saír mal?

Precisamos:

- 250 gramos de coco relado
- 250 gramos de leite condensado
- 50 gramos de chocolate

1. **Pon** o forno a 200° C.
2. **Mestura** o leite condensado co coco relado.
3. **Fai** bólas pequenas e ponas sobre papel para forno nunha bandexa.
4. **Rela** ou parte o chocolate en anaquiños, e salfíreo sobre as galletas.
5. **Enfórnaas** durante uns 10 minutos a 150° C.
Non as perdas de vista, quéimanse con facilidade!
6. Déixaas **arrefriar** e **sírveas**.

5

No almorzo, no taco
ou na merenda...
que ben sentan!





Autora

Inés Burgos

Ilustración da cuberta

Julia Ortega

do libro

Monstruos de minuto y medio

(Loqueleo, 2020)